

A LENDA DO CHURRUCHAO

**Sacada da Revista Cultural "O QUINCE", do Concello de Beariz 2004.
Está escrita por Don Xesús Antonio Gulías Lamas.**

As longas noites de inverniá enchían as lareiras do misterio, mentres as lapas dos carrascos ardían con avaricia desenfreada e debuxaban nas paredes arrepiantes meigallos de crimes horrendos que levaban consigo o estigma dun pecado inconfesable e con el a pena da excomuñón, que só o Papa sería capaz de perdoar.

Centos de historias, de contos e dicires, correron de boca en boca facéndose eco da traxedia de D. Suero, que tinxiu de sangue unha mañá cedo as prazas e as rúas e ata a mesmísima catedral de Compostela.

Coa rompida do día chegaban os primeiros peregrinos ó Obradoiro, quebrando o silencio cos pasos repousados sobre as lousas, que aínda durmían contemplando cómo o ceo de Santiago ía cambiando de tonalidade a medida que pasaba o tempo.

A través dunha fiestra do pazo arcebispal podíase percibir unha tenue luz que iluminaba con serenidade as habitacións de D. Suero López de Toledo, que esa mañá tiña unha cita que lle concertara na véspera o seu deán, D. Pedro Álvarez, nin mais nin menos que co mesmísimo don Fernán Pérez de Deza Churruchao.

A maxia do misterio na ruada ía envolvendo a historia, mentres seguía ardendo o lume e os rueiros quentábanse, escoitando con toda a atención concentrada ó que interviña, para engadir algún que outro detalle que puidese pasar por alto ou que non fora ben especificado.

O Churruchao agardou ó Arcebispo dentro da Catedral. Alí permanecera toda a noite, meditando o que tiña que facer cando o mitrado pasara a porta central do Pórtico da Gloria. Toda a corte celestial sería testemuña de cómo o Churruchao lle cravaba a daga que levaba suxeita á cincha que lle axustaba a roupa ó corpo.

O recibi-las primeiras puñaladas, o sangue do Arcebispo saía a borbotóns pola gorxa e polo peito, tinxindo de vermello o chan entre as paredes e as columnas que sostían as figuras do mestre Mateo, proferindo berros desesperados porque sentía que a morte cabalgaba a galope cara a el tocando o redobranche cos seus cascos de xeo, queréndolle arrebatara a vida que con ardor frenético, o mitrado trataba de abrazar contra o seu peito.

D. Suero quería tapar tódalas fontes por onde se lle escoaba o sangue, pero o Churruchao, colérico e cheo de furia, abría con máis golpes novos manantiais que facían imposible que o prelado se puidese manter en pé.

Cos brazos abertos, coma querendo deter toda aquela barbarie, o deán D. Pedro pedía clemencia a gritos, tentando en van interpoñerse entre o Arcebispo e o Churruchao, cando por entre as columnas do Pórtico apareceu a rexa figura de D. Alonso Gómez Galiñato rodando coa espada desenvaiñada, o espeso aire da catedral.

A trompicóns e coa vista anubrada, o Arcebispo foi buscando refuxio na columna central, ó pé do Apóstolo Santiago, quen máis compasivo ca nunca, parecía que lle quería dar a derradeira bendición, antes de que coas pernas tambaleantes, caese de bruces debaixo do arco central, xustamente ó pé do Santo dos Croques, onde os peregrinos lle pedían luz ó Apóstolo, para que os iluminase polo camiño de volta.

O deán foi seguindo coa vista a caída de don Suero e percibiu como se estremecía aquel corpo convulsionado polos derradeiros boquexos, cando a

espada de Alonso Gómez Galiñato lle atravesou o corazón polo lombo e se desplomou de bruces cos brazos en cruz coma un Cristo escangallado, case á beira do Arcebispo. Ao tempo que ía caíndo, o Galiñato retirou a espada e dous ríos de sangue empezaron a correr polas escuras lousas do piso catedralicio, mentres se erguía unha leve nube gris, que se esvaecía ó tempo que se enfriaba.

Os dous corpos tendidos sobre o chan, tragaban apuradamente os seus propios suspiros ó tempo que se mesturaban o sangue do prelado e a do deán para tinguir de traxedia aquel día aciago dun 29 de xuño do ano de gracia de 1371, debaixo do Pórtico da Gloria da catedral compostelá,

Empezaron a sonar, coma por un milagre, en tódolos recantos de Compostela os cantares do cego.

As zanfonas deitaban notas tristeiras, mentres os lazariños pasaban as monteiras por diante dos peregrinos poñendo ollos de fume e de miseria para moverlle os corazóns a misericordia e a compaixón.

O Churruchao saiu camiño do sur tragando légoas a cabalo desbocado.

Levaba a alma fendida e a conciencia, na gorxa, facíalle un nó seco e duro que non lle deixaba tragar sequera o cuspe.

A Berenguela tocou sete días seguidos a defunto.

Mentres, don Fernán facía rodeos polos comareiros do tempo para ver se desnortaba á conciencia, que lle batía na alma con máis resonancia ca as mesmas badaladas das campás. Cando chegou a Cacheiras, coma empuxado polo vento, colleu o camiño de Lestedo e atravesou o Ulla pola ponte dos paraugueiros, chamábanlle así porque era o camiño que viña de Valladolid e que pasaba por Ourense, sendo o que levaba a Santiago os afiadores, que tirando do burro e empuxando as tarazanas ían amolando tódolos utensilios cortantes por cantos pobos lle aparecían por diante.

As terras do Trasdeza rebordaban de verdor aquel día da festa de San Pedro.

Ao paso desesperado do cabalo do Churruchao, espantábanse as ovellas e as cabras que pacían tranquilamente polas amplas chairas por onde se lle abría o camiño á súa desesperada fuxida. En Chapa había unha pequena ponte sobre o Toxa, moi estreita e toda ela de pizarra, co piso de chapacuña, onde o cabalo de D. Fernán case non tocou cos seus cascos cando a atravesou. De reollo, pasoulle a vista ós muros derruídos do castelo e da fortaleza e sentiu aquela xenreira de sempre, coma se unha touceira de cans o devorase por dentro.

Pola subida que hai ata Negreiros o animal foi ó paso e o corpo do Churruchao bambeábase ó ritmo cadencioso que marcaban as pisadas sonoras do seo faco, que sabía aquel camiño tan ben, que podía ir cos ollos pechados sen perigo de perderse. Colleu de novo o trote, ó despedir dende lonxe o mosteiro de Santiago de Breixa, que sesteaba aquel serán á sombra da inmensa e repoluda carballeira que había nos seus arredores.

As benedictinas do cenobio, alleas ós problemas do mundo, rezaban vésperas no coro, que daquela estaba a entrambos lados do arco de trunfo da igrexa, e vixiado por tódalas figuras que ornamentaban os seus impresionantes capiteis, todos eles cheos de imaxes mitolóxicas, aínda que sobre todo os Saxitarios, parecía que pelexahan por saír daquel lugar de quietude e botarse a andar desesperadamente e sen rumbo, polos camiños do mundo.

A baixada que hai ata Ansemil é moi suave, tan suave que, se non fose a carreira tola do cabalo por chegar, o Churruchao podería escoitar os cantos entoados das mulleres e a música das pandereteiras que enchían de ledicia e de contento o torreiro que había diante da igrexa basilical.

Xente de tódolos pobos dos arredores viñera celebrar aquel día a Ansemil, o

San Pedro. Estaban alí os de Santa María de Abades, os de San Mamede de Castro, ó completo os da parroquia de Breixa, os de Santa Olaia de Silleda, os de San Salvador de Escuadro e os de San Martiño de Dornelas. Ata viñera un grupo de mozos de Lalín e outro de San Xoán de Palmou; os de Santa Olaia de Losón, e non faltaron, porque nunca faltaban, os de San Martiño de Fiestra, que eran os mellores bailaríns e os primeiros en saltar ó torreiro, pois eran os que tiñan máis trazas para sacar os puntos e os foran seguindo despois ós outros mozos e mozas.

Polos caminos ían e viñan mulleres con vestidos de día santo, con lazos de cores na cabeza e flores de arrecendo, espetadas no cruce dos dengues e nas blusas, os homes con sombreiros de pano e calzas negras de perna enteira, limpas e ben estiradas.

O paso atolado do cabalo do Churruchao deixaba tras de si longos e escuros nubarróns de pó, a xente apartábase espantada para deixarlle sitio na súa carreira. Cando entran no torreiro os mozos e as mozas pararon de bailar e o xinete, coa faciana desencaixada e acendida coma unha ascua, apretaba o freo do animal, tirando con tanta furia polas rendas, que lle fixo dar unhas cantas voltas en redondo ó tempo que o faco erguía a cabeza con brío, e rinchaba e bufaba coma un desesperado, mentres lle corría a fío a suor por todo o corpo. Aínda o cabalo non se detivera de todo, xa o Churruchao soltara os pés dos estribos, e tan pronto como se pousou na terra, o primeiro que fixo foi entregarlle o ramo a un dos mozos que estaba diante del, que levou o animal ampeando ata o pau da picota que estaba na cima do torreiro e aínda se podían apreciar nel as manchas de sangue do derradeiro axusticiado: un blasfemo e renegado, que o executaran uns días antes do San Pedro Ala. O mozo deulle unha lazada ó faco para que non se movese do sitio.

Ó lado meridional da explanada da igrexa, os tendeiros e os arrieiros, que viñeran ofrecer á festa as súas mercadorías, xa tiñan as cabalgaduras arrombadas e preparadas para marcharse. Falaban uns cos outros e preguntábanse en qué festa ou feira volverían a verse de novo. Logo despedíanse con tanta largueza e tristura de corazón coma se nunca máis se fosen ver na vida.

— ¡Ala, ata o San Benito de Pardeso!

- Se non pode ser daquela, que sexa para o San Salvador de Xirazga, ou para a Madalena de Soutelo.

- A ver se hai sorte e temos algo que vender, dixo o máis vello do grupo, cun acento de experiencia que a vida lle fora dando, e outro de certa resignación ó mesmo tempo.

- Se Deus nos dá vida, habémonos de ver no Santiago de Viascón.

- ¡A min quédacheme lonxe de raio! dixo outro dos do grupo, ó tempo que lle pasaba as mans polas costas ó cabalo.

Pois aínda máis a min, Santa Marta do Burgo, e hei de ir alá, se Deus quere; pois fíxenlle unha manda á santiña, sentenciou cheo de razón un mozo repoludo e atufado.

- ¡Pois que o queira! e que nos vexamos todos, despois en San Lourenzo de Carboeiro, repuxo un arrieiro.

- ¡Ai eso si, e logo en Santa María de Beariz! ¡E de alí, volvemos a pedir de novo!

- ¡Tes razón!

- ¡Ben, a cousa é que sigamos con vida! ¡Amén!, dixeron todos a unha voz.

Despois deste rosario de despedidas con boas intencións e cos mellores desexos para todos, cada quen, guiado polo seu tino, colleu o camiño de volta.

Onde se puxeran as pulpeiras e os asadores de carne, as brasas estaban xa esmorecendo, e un fume case imperceptible ascendía suavemente cara ó ceo. Só o cheiro da comida e unha especie de sufoco delataba todo canto pasara alí, despois da misa maior.

Cortando o aire varias veces e co brazo ergueito por todo o alto, coma se fose o mismísimo César que regresaba das Galias, victorioso, o Churruchao saudou á xente que estaba no torreiro. Ó recoñecelo empezaron a vitorealo coma se todo o mundo intuía que viña de facer unha fazaña, aínda que en realidade acababa de cometer un crime horrendo.

Coa man dereita colocou ben a daga que levaba enfundada e amarrada ó cinto e botou escaleiras abaixo con aquel donaire de postín que lle daban ó corpo os Churruchaos.

En vez de dirixirse á igrexa basilical, colleu con paso marcial cara á capela dos Deza.

Cando estaba atravesando o lintel que sostén toda aquela arquitectura, a Virxe do Leite, parece que sentiu un sobresalto e asomou a cabeza sobre a peana, coa tristura dunha nai dorida. D. Fernán, coa présa que levaba, nin sequera se decatou daquel detalle piadoso, nin tampouco se lembrou de saudar á Nai de Deus, aquela, á quen os seus ancestros puxeran de avogada e protectora do condado que el nese intre sustentaba.

Ó entrar na capela foi dereito cara a unha tumba, na que se podía ler no sartego: «ERA M. CCCLXX HIC IACET DIEGO GOMEZ DE DEBA». Parouse fronte a ela e fíxolle unha profunda reverencia. Detrás del entraron os mozos en pelotón e colocáronse ó seu arredor. O Churruchao sacando a daga da funda, púxoala primeiro sobre a súa testa, coa punta requichada cara ó teito, e logo colleuna coas dúas mans e bicouna, coma se fose unha reliquia. Acto seguido, depositouna a modiño sobre a tumba de Don Diego mentres dicía en tono maxestoso:

- ¡Hoxe fíxose xustiza en Compostela! E os mozos responderon todos a unha voz:

- ¡Amén!!

Quedara vingada aquel día a afrenta que anos antes, o arcebispo Don Beltrán de Landoira, lle fixera ó Adiantado Maior de Castela, Don Alonso Suárez de Deza, e a dez representantes do concello compostelán, e tamén ós seus acompañantes, aos cales o prelado tiña citado no castelo da Rocha, en Padrón. Alí os soldados do arcebispo matáronos a todos a traizón e con alevosía, por mandato do mismísimo mitrado.

¡Foi un día moi triste para a casa dos Deza!

Non contento con iso, Landoiro, que non recibía tódolos beneficios que el quixera dos Deza, púxolle sitio ó castelo de Chapa e arrasou ata os alicerces a fortaleza de Ledesma, a de Férveda e a de Galegos.

Don Diego, que era señor de Galegos, estaba preparado para recibir o ataque das forzas do prelado compostelán, pero cando viu que os soldados do arcebispo estaban colocando en fronte do seu patio o tumbacastelos, que era un aparello que daquela chamábanlle o «gato», Don Diego colleu tanto medo ó velo fronte á súa casa, que se foi entregar ó arcebispo. Este perdooulle a vida, pero dende ese día, o de Deza puxo nas mans do prelado a súa persoa, a súa fortaleza e tódolos seus bens. ¡Aquela mañá, do baluarte de Galegos non quedou pedra sobre pedra!: era o 19 de outubro de 1320.

Mentres, ó outro lado da serra do Candán celebrábase a feira de Beariz e facíase, a medida que transcorría a mañá, a máis grande transacción de vendas de castañas e de gando que se puidese facer en moitos anos.

- ¡Promete ser un inverno de fartura!
- ¡Bendito sexa Deus!, respondía a xente despois de recibir-los canons e ver que tiñan para paga-las rendas e aínda lles ía quedar algo con que mercar un dengue de pana fina para a moza casadeira e unha monteira para o mozo da casa.

O Churruchao caeu de xeonllos diante do sartego do tío, e coa cabeza metida entre as dúas mans permaneceu alí longo tempo sen moverse.

As notas melodiosas da salmodia parece que percorrían tódolos recunchos da basílica, para esvaecerse harmoniosamente na paz das pedras e das columnas que sustentaban toda aquela arquitectura. A furia que lle roera as entrañas ata aquel día parecía que se estaba transformando nun arrepentimento, só propio dos homes que teñen un corazón inconmensurable.

Cando o coro dos frades rematou os cantos, ergueuse don Fernán e facéndolle de novo outra respectuosa reverencia ó defunto que alí estaba soterrado, colleu pola porta travesa, camiño da basílica.

Un formigueiro de frades movíanse por toda a igrexa e ó recoñecelo saudábano con leves venias de cabeza. O Churruchao, con paso firme e decido, dirixiuse cara á sancristía en busca do prior. O abade estíbese despois das vestiduras dos oficios, e ó velo, estendeulle a man, ó que respondeu o conde, colléndolla e bicándolle o anel.

Naquel intre a faciana do Churruchao estaba tensa e desfigurada polo cansazo.

- ¡Eminencia!

- ¡ Señor conde! dixo o prior mentres remataba de coloca-las vestiduras dos oficios no caixón da sancristía, e proseguiu:

- Chega vostede ás raspas.

- Hoxe tiveron un día moi especial.

- Nótaselle na faciana.

- ¡Non me diga! (O conde sentía por dentro como lle ardía o corpo).

- Pois sí, está vostede coma unha áscua.

- Levo aquí dentro, repuxo o Churruchao, coma queréndose abrazar a si mesmo, un lume que me abrasa o peito e unha fogaxe que me fai ferver o sangue coma se fose o crisol dun forno de fundición.

- ¡Paz, señor conde! ¡Moita paz! eso é o que vostede precisa.

O prior recalcando, con parsimonia solemne, cada sílaba das palabras que pronunciaba.

- Iso é o que eu quero, Eminencia, quero paz e sosego interior porque ¡eu son un crente! ¡Son un crente! exclamou de novo o Churruchao, a punto de escangallarse diante do abade.

- Chegou vostede ó mellor sitio. Os homes que buscan a paz veñen ós mosteiros e ás basílicas coma esta.

- Certamente. E por iso vin. O conde tivo uns intres de dúbida e proseguiu:
¡Quérome confesar, Eminencia!

- Pois imos alá.

O prior empuxou levemente ó Churruchao polo lombo coma queréndoo guiar cara ó confesionario que estaba á man dereita, xusto á saída da sancristía.

Fixérase na basílica un silencio profundo.

Os mozos que acompañaran ó conde ata a capela dos Deza saíran para fóra, e agora gardaban sosego no adro dando voltas arredor de ningures.

Non ben o prior se sentou no confesionario, o conde despoxouse da daga que

levaba colgada á cincha e colocouna sobre unha cadeira do coiro. Logo axeonllouse diante do confesor coa cabeza un pouco reclinada sobre o peito, e cos ollos medio entornados como sinal de arrepentimento.

- Ave María Purísima.

- Sen pecado concibida.

Don Fernán non dubidou un instante. Tiña ansias de abrialle o corazón ó frade e díxolle con decisión:

- Eminencia, esta mañá cometín un pecado.

- Vostede dirá.

- É un pecado moi grande: ¡ Matei un home!

O confesor nin se inmutou. Reaccionou con tanta serenidade coma se tódolos penitentes que se confesaban con el lle contaran cousas semellantes.

¿Quen foi a vítima? preguntoulle.

- ¡¿ E quen ía ser!? exclamou o conde, facendo do seu asombro unha pregunta. Houbo un pequeno silencio e don Fernán proseguiu:

- ¡O Arcebispo!

- ¡Vaia por Deus! laiouse para ós seus adentros o prior. Respirou fondo e logo preguntoulle:

- ¿Vostede levaba tempo meditando isto, ou foi no arrebatado dunha trifulca; aínda que para o caso que nos incumbe, vén sendo o mesmo?

O Churruchao empezouse a xustificar:

- Pero Eminencia, o Arcebispo Landoira matou ó meu pai a traizón e ó séquito que levaba consigo, no castelo da Rocha. Despois atacou as nosas terras, destruiu as nosas fortalezas, tentou por tódolos medios que tiña ó seu alcance, querernos arruinar. E este, non contento con todo o que nos fixera o seu antecesor, raptou á miña irmá! ¡Non se podían soportar máis afrentas!. ¡Era unha obriga de honor a que eu tiña coa raza dos Deza! Si, ós ollos do mundo podería parecer así; pero ninguén está autorizado para tomar a xustiza pola súa man, e vostede sabía que D. Suero López de Toledo era o Arcebispo de Compostela. E por este motivo, non era un home calquera. Era un unxido de Deus e formaba parte do colexio apostólico; era un sucesor dos apóstolos, sendo por iso, que este crime en si mesmo, leva consigo, *ipso facto*, a pena de excomuñón.

- ¡A excomuñón!

- Si, señor conde, está vostede excomulgado, dixo con profunda tristura e a punto de saltarlle as bágoas dos ollos, pola pena que lle producía ó prior esta traxedia.

O Churruchao, ó oír da boca do confesor estas palabras, sentiu que se lle viña enriba toda a igrexa de Ansemil. Naquel intre foi coma se as tres naves cos seus tres arcos fermeiros e as tres ábsidas rectangulares que tiña aquela basílica, que fora noutro tempo recinto sagrado dun convento de monxas, dobrara sobre si mesmo. Sentiu coma se as pilastras cudrangulares que

sostiñan toda aquela arquitectura, non puidesen soportar o peso que tiñan encima e partiran polo ápice, facendo unha enorme desfeita. E tamén alí, no fondo da igrexa, a dobre arquivolta dórica e semicircular da portada que descansaba nun par de columnas que remataban nuns capiteis laboriosamente traballados: un con decoracións vexetais, outro con leóns pelexando e enfrontados entre si; o seguinte, que tiña un home sentado mirando para un libro aberto, e o derradeiro, que parecía o máis chamativo, con dous homes espidos, coma se quixesen lembrar a historia de San Denis e os seus compañeiros, pero neste intre, aquela visión inspiroulle ó conde, ó tempo que todo lle parecía que se facía borralla e destrucción, que aqueles dous homes espidos eran o mesmísimo Arcebispo e o Deán, no momento de presentarse diante do Xuíz de vivos e mortos. ¡E el alí, soportando todo aquel mundo de pedra, que o sepultaba á beira de tódolos Deza que o precederan! Unha suor fría percorreulle todo o corpo todo. El que era un home de fe e sumamente preocupado pola salvación, quedara excomulgado por matar ó raptor da súa irmá e por pretender lavar con sangue a derradeira afronta que os arcebispos composteláns lle tiñan feito ós herdeiros dos Deza.

- Coma un fillo arrepenido, pídlle perdón a Deus, e vostede déame a absolución e non me abandone neste intre.

Na voz e nas palabras do Churruchao percibíanse a mágoa e a tristura que o embargaba.

- Líbreme Deus de abandonar a un fillo.

O confesor fixo un gran esforzo para non ferir os sentimentos do conde e, sobre todo, para darse a entender; porque iso era para el a maior dificultade que tiña para que o penitente se convencesese totalmente de todo o que sucedera aquela mañá en Compostela, e proseguíu:

- Mire fillo, como lle dixen antes, as leis da igrexa recollidas no dereito canónico son as que rexen os comportamentos dos homes fronte a Deus e fronte ós mesmos homes, que el creou á súa imaxe e semellanza, e din que vai imposta a pena de excomuñón a todo home ou muller que asasine a un bispo, e que o perdón deste delito quedalle reservado unicamente ó Papa. Por iso non lle podo dar eu a absolución.

- ¿Entón só o Papa me pode perdoar este pecado?

- En efecto, só o Papa ten esa potestade.

- ¿E ten que ser el persoalmente?.

- Como norma xeral, si. Aínda que en caso de forza maior, pode lograr o perdón transmitíndolle o arrepentimento ó seu confesor e este finalmente ó Papa.

Ó Churruchao isto pareceulle que sería moi retardado, e angustiáballe a idea de morrer en pecado e perder a súa alma eternamente, e preguntoulle:

- ¿Entón vostede podería interceder por min e pedirle ó Papa que me levantase a excomuñón.

- Claro que si, dixo o prior. Pero eu posiblemente non volte máis a Roma. Estiven alí fai anos con motivo da visita, "*ad liminam*", ó tempo que lle fun presentar ó Santo Pai os permisos necesarios para realizar as derradeiras reformas no mosteiro de San Lourenzo. Son cousas que acontecen unha vez na vida.

O conde escoitaba todo isto con resignación e angustia e sentía que se lle pechaban tódalas portas do mundo que levaban á salvación.

¿A quen podería recorrer se el xa non estaba para realizar unha romaría á

tumba de San Pedro e perdirlle ó Sumo Pontífice que lle levantase a excomunión? Ademais, consideraba inxusto que a igrexa favorecese ós seus prelados, e estes, por crimes semellantes non sufrisen ningún castigo, todo o máis, unha amoestación por parte do nuncio ou de algún asceta que se atrevese a enfrontarse ó arcebispo.

Co mundo ó lombo, ergueuse o Churruchao do confesonario e recolleu a daga que deixara afastada á súa beira e foina colocando na cincha mentres baixaba pola igrexa. As súas pernas atrapallábanse coma se a basílica estivese completamente esborrallada e fora tropeizando en tódalas pedras da hecatombe.

Ó atravesar o pórtico, os raios do sol que se ía deitando mainamente, batíanlle na testa e cegábanlle os ollos cargados de tristura. Botou a monteira á cabeza e subiu con parsimonia a escalinata do adro.

O seu cabalo, que xa comera, bebera e descansara, soltou ó velo, un rincho de ledicia. Nese intre o Churruchao percibiu, alá no máis fondo de si, que no mundo aínda había alguén que o comprendía e que se alegraba da súa presenza, a pesares de que estivese en pecado mortal e tivese un pé no inferno e outro en Ansemil.

Cando chegou á explanada, os mozos fixéronlle un corredor ata o camiño. Alí despediuse deles un por un. Abundaba mirarlle para o rostro para darse conta de que algo moi grave lle estaba a suceder a D. Fernán. Un dos mozos acompañouno ata onde estaba o cabalo, e cando o desamarrou do pau da picota entregoulle o ramo ó conde, ó tempo que lle suxeitaba o animal pola cabezada para que non se lle movese e así non tivese dificultade para montar. Foi un detalle de cortesía que o Churruchao agradeceu facéndolle un saúdo coa man mentres tocaba suavemente a asa revirada da monteira.

Unha vez enriba, facendo alarde das súas dotes de xinete, deulle unhas cantas voltas ó faco en redondo sen moverse do sitio, e despois saiu disparado coma unha frecha dirixindo ó cabalo coa man esquerda, mentres que co brazo dereito en alto foille acenando ós mozos un bo intre coa aquela elegancia que amosaban sempre os Churruchaos. A súa silueta facíase cada vez máis pequena a medida que se alonxaba pola inmensa chaira dezana, camiño de occidente, onde o sol aquel serán se desangraba enriba das nubes que estaban pousadas nos altos cumes do Candán.

As mozas e as mulleres que estaban tocando os pandeiros e as pandeiretas antes de que chegara o conde, xa facía tempo que se foran para as súas casas. Os mozos en silencio, despois de que se traspuxo o Churruchao, cada un colleu o seu camiño, todos coas cabezas baixas e as almas feitas un novelo.

D. Fernán colleu o vello camiño dos carboeiros, quen despois de atravesar Silleda polo medio, pasaba a rentes da igrexa de San Fiz de Fiestra, na mesma hora en que o Bando regresaba de maneira pausada e parsimoniosa para o lugar, logo de pacer toda a tarde nos verdes campos do val.

Pasou a ponte do Toxa, que facía pouco que a arranxaran os canteiros de Millerada, os cales lle deran desa vez unha alzada para que cando houbese os desxeos do murallón norte do Candán, as cheas fluíran con máis facilidade cara ó Deza.

Seguindo o seu camiño, deixou un pouco máis arriba, á dereita, a igrexa de Santa María de Grava, que naquel intre daban as súas campás o toque do ánxelus vespertino, que era cando se erguían dos teares as tecedeiras, e os rueiros saían camiño das súas casas para descansar. Oíanse polo lugar aturuxos de mozos que agardaban ás mozas para acompañalas ata as súas casas; pois

era o costume que había para os cortexos da xuventude casadeira.

O camiño era cada vez máis empinado e o cabalo do conde marchaba ó paso.

A noite estaba morna e apacible. Dende alí oíanse ó lonxe, e con solemnidade, as badaladas das campás de San Salvador de Escuadro, dando a sensación de que todo o val quería empezar a descansar despois daquel día santo.

Foise adentrando o de Deza na espesura da carballeira das Regadas que baixaba dende os balcéns máis altos dos cumes do Candán ata as mesmas beiras do val coma se fosen nubes de follaxe cheas de frescura e de verdor.

Escoitábanse ó lonxe os laios doridos da curuxa e de vez en cando aparecía por entre algunha calva da ramaxe, aló no fondo do ceo, a carreira da lúa sempre á contra dos andares do cabalo. Logo, a espesura da follaxe facía de novo a noite cada vez máis maxestosa.

Cando volveu a aparecer un claro sobre o camiño o Churruchao detivo o cabalo e quedouse mirando para as profundidades do ceo. Parecelle dende alí inmenso e grandioso, pero sobre todo lonxano. Naquel intre estaban para el cerradas tódalas portas que levaban a aquel lugar no que estaba Deus e os seus santos, mirando para o mundo dende o alto. Esporeou ó cabalo suavemente e este colleu de novo a andadura.

Cando chegou á ponte de Andén deixou á marxe dereita os batáns que tiñan no río os veciños de Pereira, que traían dende alá os coiros e os pelexos, para batelos alí, e un pouco máis adiante, pero á esquerda, o muiño da Laxa co seu monótono troupeleo das dúas moas que se movían á par, pero unha á inversa da outra. O Churruchao sentiu na faciana a frescura da auga e deixouse reconfortar polo ambiente que o envolvía.

O camiño cara Acibeiro empezaba a achaiar. Antes de chegar á Portela había unha alvariza cercada por un murallón invadido de musgo e de hedras que apolaban por riba del, e arrimados á parede estaban uns cantos pousadoiros que lle servían de descanso ós muiñeiros e ós carboeiros cando pasaban por alí, camiño dos seus traballos. No medio daquel silencio da noite, acompañado soamente pola música dos cascós do cabalo, empezouse a oír ó lonxe o cantar dun cego que entoaba unha copla coa tristura serea dos que só poden ver cos ollos da conciencia:

Polos camiños do vento vai a trote un cabaleiro,
leva a alma empecatada por culpa do seu aceiro.
Os soldados de D. Pedro campean pola Quintana
mentra-los pendóns flamean por toda a chaira dezana.
Morreu don Suero, morreu, matouno o Churruchao;
ó pé do santo dos Croques, quedou tumbado no chao...

As notas desafinadas da zanfona desgarraban a noite en mil xiróns e perdíanse na inmensidade da espesa carballeira que facía a noite máis negra e máis tupida cós pecados do demo.

Cando chegou don Fernán á explanada que hai diante do mosteiro, estaban varios grupos de homes, e polo xuntos que andaban e coa cautela que puñan nas súas pláticas, parecía que falaban de algo moi misterioso e transcendente.

- Pois a min dixéronme que a moza dona Aldanza non quixo saír do pazo arcebispal, dixo un.

- Iso é o que eu pensaba, replicou outro.

Un dos que estaban no corrillo baixou un pouco máis a voz coma querendo

que non se enterase ninguén:

- Todo o mundo di que foi ela a que fuxiu co Arcebispo
¡Para fiarse das mulleres! sentenciou outro dun xeito displicente.

- Entón ¿por que dicían que a raptara?

- Mirade, falou o que parecía o máis vello do grupo, a min contoume Sadurniño de Leiro, que o coñecedes todos ben, e que non é mentireiro, que un día, cando lle levou o subministro do viño de misa para a catedral, viu á moza dona Aldanza de par do Arcebispo atravesando os corredores do pazo, camiño das estancias, toda contenta e satisfeita. E máis tarde, cando fixo a descarga nas bodegas, foi ela a que lle contabilizou a mercadoría que levaba.

- ¿E probou o viño? preguntou outro con certa sorna.

- ¡Probou! e deulle o seu beneplácito.

- Logo, a moza dona Aldanza non estaba alí a desgusto.

- Segundo parece, non, respondeu este con satisfacción.

- Mirade, D. Suero, por máis arcebispo que fose, era un home coma nós, e tiña... as mesmas necesidades que todo o mundo, vós xa me entendedes, ¿non si?... E a moza dona Aldanza, dende que morreu o seu pai, fíxolle noxo a todos cantos pretendentes lle tocaron á porta.

- ¡Iso si é certo! -sentenciou outro.

- Pois si. Levou nos fuciños o conde de Salvaterra.

- E don Pedro de Sarmiento.

- E tamén o señor da casa de Miravales.

- ¡Tamén!

Cada un dos presentes sabía de todos e cada un dos que pretenderan a man da Churruchao, sen conseguilo, e proseguiron falando:

- Ben, ó Sarmiento aínda que non lle fixera caso, non era milagre ningún.

- Niso tes razón - sentenciou outro - vale menos cás promesas do cego de Ribadavia.

Oiuse unha risada sonora que bateu limpamente nas paredes do mosteiro e logo nas da igrexa, e o seu eco deu a volta varias veces ata perderse na espesura do norte.

- ¡Si, ese promételle no verán, ó que lle dea unha boa esmola, que non van caer xeadas na viña!

E botáronse de novo todos a rir.

- ¡Claro, a xente non se decatada de que el promete que non haberá xeadas, pero no verán!

- ¡Aí é onde está a agudeza do home!

- ¡Agudo é pouco! El o que é un vividor e un enganaparvos, por eso non di nada das xeadas da primavera, que son as que queiman os gromos das cepas.

- ¡Chámalle burro ó belén!

O Churruchao deu unhas cantas voltas arredor dos grupos sen que ninguén o recoñecese nin se decatase sequera de que andaba na pescuda do que xa era a nova máis sonada dende o Sar ata o Avia e dende o Pico Sacro ata os altos cumes da serra do Suído.

Esperou pacientemente a que abriaran a porta da basílica para a hora do canto dos maitíns. Había o costume de que moita xente acudise a escoitar os primeiros rezos do día, porque unha das penitencias que impuñan os confesores ós arrependidos era que asistisen unha ou varias veces, dependendo da gravidade dos pecados, a estas celebracións.

Despois dun longo tempo que corría sen présa naquela profundidade inmensa da noite de Acibeiro, oiuse primeiro, como un frade dende dentro sacaba a tranca da porta da basílica, e despois as bisagras foron renxendo pausadamente, cunha enorme pesadeza enferruxada, a medida que xiraban sobre os porlóns, ata que se abriron de par en par as dúas follas de madeira de carballo. Cando se fixo de novo o silencio, soaron limpamente e con solemnidade as tres badaladas de rigor, que anunciaban dende a espadana o comezo dos rezos.

D. Fernán, envolto na súa capa de cabaleiro, baixou as escaleiras que daban acceso á igrexa. Co rostro case completamente tapado, buscou acomodo no fondo da nave sur, ó pé dunha columna que non tiña a pavesa de aceite prendida. Naquela escuridade podía confundirse coa negrura e así pasar desapercibido, que era o que máis lle apetecía: estar alí, coma un pobre penitente que vai cumprir por obriga o seu castigo.

Cando remataron os oficios e se retiraron os frades para descansar, saíron da basílica os penitentes e devotos.

O pequeno val de Acibeiro era naquel intre un leve susurro das augas do Lérez que lle daban á alma unha paz indecible.

O padre porteiro foi todo presuroso pechar as portas da igrexa e estas, ó xirar sobre os porlóns, fixeron o mesmo chirrido, pero agora en senso inverso, coma se quixesen completar a sinfonía dos ferros enferruxados. A medida que subía pola nave central, foi apagando tódalas lámpadas. Só deixou viva a do aceite do Santísimo, que lanzaba os seus destellos suavemente, coma se fose un pequeno faro sobre a porta dourada do sagrario.

Pasaba dun ano que dona Aldonza Fernández Churruchao, a filla de don Fernán, lle fixera ó mosteiro de Acibeiro manda das terras que tiña na parroquia de San Lourenzo de Ouzande.

O conde saiu do lugar no que estivera durante toda a función e entrou case ás apalpadelas na sancristía abrindo por casualidade o caixón dos legazos, e o primeiro que atopou foi a escritura que firmara a súa filla diante de don Fernán López, o escribán de Caldas de Reis.

O Churruchao, despois de ler o documento á luz do facho que ardía enriba do dintel da porta que daba acceso ó claustro das procesións, ó que algúns chamaban tamén dos cabaleiros, quedou reparando na firma do escribano. Eran uns trazos firmes e cheos de florituras. As letras maiúsculas estaban ataviadas polas beiras coma dunha chamabrana con pequenos arquiños apuntados, todos iguais, coma se os fixera cunha plantilla, semellante ás que usaban os mestres canteiros para faceren as súas marcas nas pedras.

Despois de bicala, dobrouna de novo como estaba e meteuna outra vez no caixón dos legaxos e guiado case só polo instinto, encamiñouse cara á tumba da súa filia e á do seu neto que estaban á par, por expreso desexo de dona Aldonza que pedira no testamento que a sepultaran na capela de Don Álvaro, á beira do seu fillo, D. Rui Soares Fernández.

Alí repousaban aquela noite tódolos seus mortos máis queridos. Posto de xeonllos, pregáballe a Deus por eles aínda que vivise naquel intre excomulgado. Estaba seguro de que os seus defuntos e mais Deus eran os únicos que o entendían.

Resoaba nos oídos do conde un silencio tan profundo que parecía que penduraba das pedras da basílica monacal de Acibeiro.

Cando as campás tocaron a laudes despertou o conde, que quedara durmido de xeonllos apoiado no sarcófago de D^a Aldonza. Aquela postura incómoda entumecéralle todo o corpo. Cando entraron os frades, cada un foi ocupando o seu asento no coro e detrás deles entrou don Álvaro, vestido de penitente, e ocupou unha cadeira que lle puxeron para a ocasión no medio do andar principal.

No tempo que durou o oficio, o Galiñato permaneceu impasible coma se fose unha estatua de pau e revestido coa capa de penitente. D. Fernán ó velo sentiu un enorme alivio, alá no máis profundo do seu interior. Sabía que D. Álvaro estaba perdoado e a súa alma no camiño da salvación e, sen querer, pensou para ós seus adentros: “¡non é o mesmo matar a un deán, que deixar a un arcebispo con máis buratos ca unha criba vella!”. E aquel pensamento malévolo, ó final, parecía producirlle certa satisfacción.

Os demais penitentes e devotos foron tomando asento nos escanos da basílica e el tamén acougou no que estaba á súa beira. Ó sentarse, sentiu como todo o corpo lle descansaba da tensión acumulada no día anterior.

Empezaron a soar as melodías dos salmos. A música parecía que ascendía suavemente polas columnas e despois daba voltas e máis voltas polos capiteis. Contorneábanse as frases entre si antes de esvaírse e de esfumarse por entre os arquiños do falso triforo que contemplaban dende o alto como aquelas salmodias tomaban corpo para facerse plegarias de fe capaces de chegar ó sétimo ceo, onde as Potestades, nunha simbiose de transparencia e de misterio, presentábanllas ó Deus Altísimo, entre fumes de incenso, e de loanzas.

Á xente da ruada entráballe o sono.

O máis vello de todos, que seguía con atención o que se ía dicindo, incorporouse e, apoiándose na caiada que tiña na man e coa que de vez en cando lle servía para atizarlle ó lume, dixo con voz carrasposa: “¡mañá seguimos coa historia!”.

Tódolos presentes aceptaron de bo grado o veredicto. Fóra, o clarén da lúa mancaba os ollos ó mirar para ela.

- Está xiando, dixo alguén.

- Deixa que xíe.

- Nós levamos o mellor remedio para a xiada, dixo o Corrucho.

- ¡Esta bota de viño! exclamou o neto, levantándoa coma un trofeo no medio da explanada que se abría diante da casa da ruada.

Os dous cabalos que estaban amarrados nun pendello que había enfronte, rincharon ó unísono cando sentiron a presenza dos amos.

Desamarraron os animais e o neto axudoulle ó avó a montar suxeitándolle o ramo cunha man e mantendo firme o estribo coa outra.

O neto, coma se non lle pesaran as carnes, púxose dun brinco enriba do seu faco. Cando estivo encima pensou en D. Fernán, pero por non recibir unha reprimenda do vello, deulle ó Chosco unhas cantas voltas en redondo con tanta cadencia e delicadeza que sentiu que ambos, o vello e o cabalo, llo agradeceran.

O Corrucho levou a man cara á aba do sombreiro de pano negro que lle cubría a cabeza e esgarabellou no aire un saúdo cos dedos cara á xente:

- ¡Ata mañá!

- ¡Ata mañá! responderon todos ó unísono. Camiño de San Domingos a costa era empinada.

Os dous cabaleiros - o Corrucho e o neto - levaban as cabalgaduras ó paso. Tiñan cita en **Presqueiras**, na ruada da noite seguinte.

Xesús Antonio Gulías Lamas

Primeiro clasificado no concurso literario de 2003